

BASES ORGANIZATIVAS

III CARREIRA - ANDAINA NOCTURNA BENÉFICA CASTELO DA LÚA

Artigo 1.

O Concello de Rianxo, *Barbantia Roda* e o *Club Atletismo Rianxo* organizan a “**III Carreira-Andaina nocturna benéfica “Castelo da Lúa”**”, o sábado 11 de agosto de 2018.

A proba organízase a beneficio da **Asociación Benéfico Social Callejeros Barbanza**, que recibirá o 100% do recadado a través das inscricións.

Artigo 2.

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de xuíces da *Federación Galega de Atletismo*.

Artigo 3. Categorías

Carreira

- | | |
|---------------------|---|
| • Xoubas | 2013-2014-2015. 3 saídas, agrupadas por ano de nacemento. |
| • Sardiñas | 2011-2012. |
| • Benxamín (sub 10) | 2009-2010. |
| • Alevín (sub 12) | 2007-2008. |
| • Infantil (sub 14) | 2005-2006. |
| • Cadete (sub 16) | 2003-2004. |
| • Xuvenil (sub 18) | 2001-2002. |
| • Júnior (sub 20) | 1999-2000. |
| • Promesa (sub 23) | 1996-1997-1998. |
| • Sénior | 1984-1995. |
| • Veterano/a 1 | 1978-1983. |
| • Veterano/a 2 | 1969-1977. |
| • Veterano/a 3 | 1959- 1968. |
| • Veterano/a 4 | 1958 e anteriores. |

Andaina: todas as idades.

Artigo 4. Distancias e horarios

Carreira

Categoría	Distancia	Horario	Percorrido	Nº voltas
Xoubas	100 m	21:30 h	Amarelo – 100 m	1
Sardiñas	750 m	21:45 h	Verde – 750 m	1
Benxamín	750 m	21:55 h	Verde – 750 m	1
Alevín	1.500 m	22:05 h	Verde – 750 m	2
Infantil	1.500 m	22:15 h	Verde – 750 m	2
Cadete	6.500 m	22:30 h	Vermello	1
Xuvenil/Júnior/ Promesa/Sénior e Veteranos	6.500 m	22:30 h	Vermello	1

Andaina

Categoría	Distancia	Horario	Percorrido	Nº voltas
Todas	4.500 m	22:30 h	Branco	1

Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 3 percorridos, aos que se darán as voltas indicadas na táboa de distancias.

1. Percorrido amarelo: 100 m
2. Percorrido verde: 750 m
3. Percorrido vermello: 6.500 m

Artigo 6. Inscricións

Prazo

Carreira

Inscrición en liña, ata o xoves 9 de agosto de 2018 ás 24:00 h. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo ou con datos incompletos.



Rianxo

Deporte e Patrimonio Histórico
Servizo de Deportes

Andaina

Inscrición en liña, ata o xoves 9 de agosto de 2018 ás 24:00 h.

Presencial: na Praza Castelao ata 15 minutos antes do inicio da proba.

Enderezo web

emesports.es

Prezo

Carreira (obrigatorio facer a inscrición en liña)

- 5 € nas categorías xuvenil, júnior, promesa, sénior e veterano.
- Gratuíto para as categorías de xoubas a cadete.

Andaina

É obrigatorio inscribirse e retirar o dorsal para a andaina, agás as nenas e nenos que xa participaran na carreira, que utilizarán mesmo dorsal.

- 5 € nados no 2000 e anteriores (inclúe o dorsal de adulto e os dorsais precisos para as menores acompañantes que non participaran na carreira).
- Gratuíto para os nados no 2001 e posteriores (acompañados dunha persoa adulta con dorsal).

Os prezos de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

Dorsal solidario: doazón da cantidade desexada a través da pasarela de pago ata o 9 de agosto de 2018 ás 24:00 h, ou na Praza Castelao o día de celebración da proba.

Límite de prazas: haberá un límite de 500 inscricións na categoría absoluta da carreira (xuvenís e posteriores). A andaina non ten límite de prazas.

Artigo 7. Retirada de dorsais e chips

Na Praza de Castelao o mesmo día da proba, a partir das 19 h e ata o inicio da mesma.

Control por chip na carreira

Agás as participantes nas categorías xoubas e sardiñas, as demais persoas estarán controladas a través dun chip que se entregará a cada participante xunto co dorsal.

Deberá colocarse na zapatilla antes da saída.

Artigo 8. Premios e agasallos

Agasallos

Agasallos para todas as participantes na carreira e na andaina (ata fin de existencias), de todas as categorías.

Trofeos da carreira

Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina.

Artigo 9. Servizos

Servizo de gardarroupa

No Pavillón polideportivo de Rianxo desde as 20:45 h.

Vestiaros e duchas

- Masculino: Pavillón polideportivo desde as 20:45 h.
- Feminino: Piscina Municipal desde as 20:45 h.

Aparcadoiros

Aparcadoiro Público Municipal (gratuito), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

Publicación dos resultados

carreirasgalegas.com
emesports.es
concelloderianxo.gal

Artigo 10. Outras consideracións

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscritos ambos pola *Federación Galega de Atletismo*.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

As persoas que durante o transcurso da carreira/andaina circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización e/ou monitores para a carreira ou andaina, considéranse a todos os efectos usuarias normais da vía.

Toda persoa que corra/ande sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen as participantes na carreira.

O únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización, e non está permitido o acompañamento das persoas participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

Descualificacións:

- O Xuíz Árbitro da proba está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico por indicación do servizo médico.
- Calquera participante que non realice o percorrido completo.
- O participante que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.